



CONCELLO DE CABANAS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 18 DE DECEMBRO DE 2018.

Alcalde-Presidente:

D. Germán Castrillón Permuy (Gr.PP)

Concelleiros/as;

D. Manuel González López (Gr.PP)

D^a. Esperanza Gayoso Pereiro (Gr.PP)

D. Javier Fernández Brage (Gr.PP)

D. Delfín Feal Pereira (Gr. Socialista)

D. Carlos Ladra Brage (Gr.Socialista)

D^a. Concepción Rodríguez Ferreiro (Gr.Socialista)

D. Iago Varela Martínez (BNG-Gr.Mixto)

D^a. María Eva García Amor (AEC-Gr.Mixto)

D. Xosé Manuel Pérez Sardiña (PDDdG-Gr.Mixto).

Secretario-Interventor:

D. Antonio López Vila.

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as trece horas do día dezoito de decembro de dous mil dezoito, reúnen-se en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Germán Castrillón Permuy, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, ao obxecto de realizar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, coa asistencia do Secretario-Interventor titular don Antonio López Vila, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Sr. Presidente

declara aberta e pública a sesión, e procédese a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- PROPOSTA PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2019”. Vista a circular da Deputación Provincial da data 28 de setembro de 2018 comunicando a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2019, así como, a contía asignada a este Concello; vistas as devanditas bases reguladoras publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 188 de data 2 de outubro de 2018, así como o proxectos técnicos das obras a propoñer.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o concelleiro Sr. Ladra Brage parécelle ben a proposta, as medidas son necesarias, se podía debater no relativo as prioridades porque podía haber outras necesidades de camiños e reparacións, pero están a favor.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Sr. Varela Martínez está na mesma liña, establecer unha prioridade ou outra a hora de facer unha obra depende un pouco do goberno, pero tódalas obras propostas son necesarias e polo contarán co seu apoio.

O concelleiro de PDDdG Sr. Pérez Sardiña apoia estas obras entre as que se inclúe unha proposta de PDDdG, débese ter en conta que as obras non é solo propoñelas, aprobalas e adxudicalas, senón tamén seguilas, algunhas obras aprobadas por este pleno non se está levando o debido seguimento como é o caso da iluminación do paseo, anima a que os servizos técnicos municipais se ocupen un pouco máis de como se están facendo esas obras e que non se interrompan os servizos habituais onde se desenvolven, por outra banda no centro de saúde segue habendo as pingueiras que xa comentou pola fiestra que da á ría, debe resolverse.



CONCELLO DE CABANAS

Polo grupo Popular: o Sr. Alcalde recorda que o do centro saúde non é tema de hoxe, xa lle contestará porque se está facendo unha obra alí; en canto a proposta de obras agradece estar de acordo como se falou na reunión de voceiros, en canto o seguimento as direccións de obra son dos técnicos municipais e cree que o están facendo acorde co que necesita a obra, en canto a orde de preferencia entende que estas obras son de urxencia, algunha xa presentaron en 2017, están a espera de que a Deputación faga un complementario para que achegue máis diñeiro, solo quedan uns 56.000 € para gastos correntes cando a media doutros concellos e moi superior.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos membros presentes, acorda:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos Correntes	56.232,55 €
Subtotal gasto corrente	56.232,55 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de camiños municipais: Estrada de Vilachá	41.635,82 €	0,00 €	41.635,82 €
Mellora de camiños municipais en Fonfría e nas rúas Pinemar e Los Sauces A	52.770,97 €	0,00 €	52.770,97 €
Subtotal investimentos achega provincial 2019	94.406,79 €	0,00 €	94.406,79 €

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de camiños municipais: En Val de Abaixo, Carballo de Abaixo-Lamelas e Travesía Tras da Vila	68.125,79 €	0,00 €	68.125,79 €
Subtotal investimentos achega provincial 2018	68.125,79 €	0,00 €	68.125,79 €



CONCELLO DE CABANAS

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Proyecto para la reparación de la tercera fase del Edificio de la Escuela Laica de Cabanas, situada en Lugar de a Torre, Ayuntamiento de Cabanas. A Coruña	33.092,51 €	0,00 €	33.092,51 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	33.092,51 €	0,00 €	33.092,51 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2019” aplicado á redución da débeda
--	--	--
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		

E) Resumo:

SUBTOTAIS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018			
	Achega 2019			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	56.232,55 €		56.232,55 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019	94.406,79 €	0,00 €	94.406,79 €
	Achega 2018	68.125,79 €	0,00 €	68.125,79 €
	Préstamo 2019	33.092,51 €	0,00 €	33.092,51 €
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	0,00 €		0,00 €
TOTAL	Achega 2019	150.639,34 €	0,00 €	150.639,34 €
	Achega 2018	68.125,79 €	0,00 €	68.125,79 €
	Préstamo 2019	33.092,51 €	0,00 €	33.092,51 €
	TOTAL	251.857,64 €	0,00 €	251.857,64 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Saneamento de augas residuais en Relousada	123.558,30 €
TOTAIS	123.558,30 €



CONCELLO DE CABANAS

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A continuación a Presidencia levanta a sesión sendo as trece horas e dez minutos da cal estendo a presente acta, e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e praxe.

O Alcalde

O Secretario



CONCELLO DE CABANAS